



## O Niño II

Tan atarecido e famento estaba a medida que pasaba o tempo, que non me decattei dun paxaro que piaba con gran tristura preto de min. Cando a noite o foi desorientando , nun triple voo chegoume a rozar as orellas e foi entón cando me din conta da súa presenza, mirámonos con tristura e díxenlle mostrándolle o niño:

- ¿Son os teus fillos? Pódelos levar e perdóame.

Ela díxome:

- Eu non podo co niño e eles non saben aínda voar, pero se me os deixaras quecer non morrerían.
- Por suposto, eles téñente a ti e vivirán, pero eu ¿qué será de min?.

Pousei o niño no penedo e a paxariña meteuse nel para darlle calor aos pequenos.

Naqueles intres botei de menos a nai que non coñecín. A paxariña pareceu adiviñar os meus pensamentos e díxome cunha determinación incrible para ser tan miúda.

- Non te preocupes, xa vin todo o que te fixeron e como me roubaron o meu niño e o puxeron diante dos teus fociños para enganarte; tamén vin como botaban a galla polo río abaixo para que non puideras saír do penedo. Agora é de noite e non podo facer nada salvo protexer aos meus cativos, pero mañá pola mañá farei xestións e sacarémoste de aquí dalgún xeito.

Eu, aterecido, pregunteille

- ¿E mentres non pode vir a raposa?
- ¿A raposa? -dixo ela- non acostuma vir por aquí, pero por si acaso ti esta noite non peches moito os ollos que xa terás tempo de durmir cando chegues a túa casa. Porque seguro que ti es de boa casa, non como eses lan-

drús que nos acaban cos niños e o que é peor cos fillos.

Eu non lle contestei pero acheguei o niño cara min para que tiveran máis calor.

A noite foi longa, moi longa, oín rúidos que nunca oíra e que aínda hoxe non esquecín. Cara a mañá cedo, xa se me pechaban os ollos, pero o barullo dos paxaros sobre nos fíxome volver a realidade, e a realidade é que seguía sen solución, ¿e se me tiraba á auga á desesperada?, imposible tiña moita forza e arrastraríame e afogaríame, ademais agora tiña a responsabilidade de sacar de alí aos paxariños, esa solución non era viable. A paxariña dende o niño mirou e fíxome a pregunta esperada:

- ¿Ocorréuseche algo que nos saque de aquí?
- Nada
- ¿Non téis un amigo ó que pedirlle axuda?

- Teño moitos, pero neste caso non me serven. Son gatos, virían aquí e acabarían ao final cos vosos niños. Non os podo traer.
- Es bo, non sei como te deixaches engaiolar, por eses demos negros, pensa noutros amigos e vou buscalos.
- Xa penso, pero non poden vir, están pechados nas súas fincas. De todas formas, se cho explico ben, tu levaríaslle un recado a Ayla, que é unha das nosas cadelas, e aínda que non poida saír seguro que nos dará un bo consello, os nosos amos apréciana moito porque din que é moi sensata.

Dito e feito, a paxara saíu disparada coa mensaxe mentres o compañeiro a substituíu no niño. De alí a un anaco xa estaba de volta coa resposta da Ayla que era un pouco en clave, pois mandoulle que me dixera que ata que volvera a saber dela que non me movera do sitio nin me fiara de ninguén. A fame e a sede apretábanme, ¡ a quen se lle

dixese que non podía beber no medio de tanta auga!, levaba moita forza e so me atrevía a lamber as gotas que salpicaban sobre a pedra.

Continuará...